

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

| | |
|---------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CÓDIGO | |
| MATERIA | Prácticas de escrita dramática |
| DISCIPLINA | OBRADOIRO DE DRAMATURXIA II |
| TITULACIÓN | Título Superior en Arte Dramática |
| ESPECIALIDADE | Dirección escénica e dramaturxia |
| ITINERARIO | Dramaturxia |
| CURSO | 4º (2º cuatrimestre) |
| CRÉDITOS ECTS | 12 |
| CARÁCTER | Obrigatorio |
| DEPARTAMENTO | Dirección escénica e dramaturxia |
| CENTRO | ESAD de Galicia |
| COORDINADOR/A | Joan Giralt-Bailach |
| DOCENTES | Nome e apelidos: Joan Giralt-Bailach Horario de titorías: Despacho: :Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.gal |
| | Nome e apelidos: Vanesa Martínez Sotelo Horario de titorías: Despacho: :Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: vanesa.martinez.sotelo@edu.xunta.gal |
| | Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario de titorías: Despacho: :Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.gal |
| DESCRICIÓN | Práctica da escrita dramática na que se sintetizan e integran todos os coñecementos e os procedementos da formación para a creación dunha dramaturxia. Experimentación da complexidade do proceso global da creación, incluíndo a súa posta en voz e/ou no espazo. Experimentación práctica da creación de sentido e da construción dos efectos emocionais na recepción. Coñecemento e experimentación do método de traballo. Valoración e crítica do resultado obtido e do método de traballo utilizado. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | Obradoiro de Dramaturxia I |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego |

2. COMPETENCIAS**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO**

| | |
|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T3 | Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. |
| T8 | Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos. |
| T11 | Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade. |
| T13 | Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. |

| | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| T15 | Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN | |
| X2 | Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo. |
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue. |
| X4 | Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías. |
| X5 | Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social. |
| X6 | Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión. |
| X7 | Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE | |
| ED1 | Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética. |
| ED2 | Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación. |
| ED3 | Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente. |
| ED4 | Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral. |
| ED5 | Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética. |
| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | |
| COMPETENCIAS VINCULADAS | |
| 1. Fornecer fontes documentais útiles para o proceso de ensaios dun espectáculo. | T8. T13. T15. X3. X7. ED2. ED5. |
| 2. Relacionar o proceso creativo coa realidade da contorna sociocultural. | T8. T11. X7. ED5. |
| 3. Formular solucións dramaturxicas que dean concreción ás hipóteses previas. | T1. T3. T8. T13. X5. X6. ED1. ED2. ED3. ED5. |
| 4. Detectar os problemas e incoherencias respecto ás claves xerais do proxecto. | T3. X3. ED3. |
| 5. Desenvolver unha mirada crítica respecto ao propio traballo, así como ao do resto do equipo. | T11. T15. X2. X3. X5. ED3. |
| 6. Arbitrar e facilitar posibles acordos no que atinxe á relación entre a dramaturxia e a escenificación. | T3. T11. X2. X3. X4. X5. ED2. ED3. |

| | |
|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| 7. Adaptar a dramaturxia ás necesidades do proceso de ensaios. | T3. X2. X3. X5. ED1. ED2. ED3. ED5. |
| 8. Garantir unha relación óptima entre o espectáculo e un público real e potencial. | T1. T11. T13. X3. X7. ED4. ED5. |
| 9. Establecer estratexias para manter a memoria documental do espectáculo. | T1. T13. X6. ED4 |
| 10. Coidar a excelencia da factura do resultado final en todos os seus detalles. | T13. X3. X4. ED1. ED3. ED5. |

4. CONTIDOS

| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| 1. Selección final dun corpus documental útil para os ensaios. | 1.1. Materiais textuais. 1.2. Materiais iconográficos e visuais. 1.3. Materiais sonoros. 1.4. Actividades complementarias relacionadas (viaxes, visitas, prácticas, conferencias, traballo de campo, etc.) | 8 |
| 2. Traballo de mesa. | 2.1. Achegas e posibles lecturas. 2.2. Centrar e orientar as lecturas do resto do equipo técnico-artístico respecto ás claves xerais do proxecto 2.3. Notas e acordos co equipo de dirección. | 8 |
| 3. Dramaturxia de escenario. Seguimento do proceso de traballo/ensaios. | 3.1. Propostas de dramaturxia actoral. 3.2. Composición e codificación. Partitura. 3.1. Revisión do proceso de traballo/ensaios respecto á coherencia dramática. 3.2. Análise e diagnóstico de problemas respecto ás claves xerais do proxecto. 3.3. Correccións e formulación de achegas e posibles solucións. | 60 |
| 4. Intervencións dramáticas no proxecto previo a partir do traballo no escenario. | 4.1. Intervencións estruturais e na trama. 4.2. Intervencións respecto aos personaxes, actantes, actantes, etc. 4.3. Intervencións e rescritas da partitura xeral (réplicas, acoutacións e outras indicacións.) | 50 |
| 5. Materiais para a recepción. | 5.1. Programa de man. 5.2. Materiais didácticos e divulgativos. 5.3. Actividades diversas arredor do obradoiro (debates, exposicións, promoción, etc.) | 8 |
| 6. Avaliación crítica. | 6.1. Valoración crítica do resultado artístico acadado. 6.2. Valoración crítica da recepción. | 8 |
| 7. Rexistro e documentación final. | Organización e xestión de materiais documentais do espectáculo. | 8 |
| TOTAL SESIÓNS | | 150 |

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
|------------------------------|--------------------|------------------------|-------|
| Actividades introductorias | 4 | | 4 |
| Exposición práctico-teórica | 5 | 10 | 15 |
| Práctica individual | | 60 | 60 |
| Práctica colectiva | 136 | 50 | 186 |
| Seminarios | | | |

| | | | |
|----------------------------------------------------|--------------|--------------|---------------|
| Actividades complementarias | 5 | 10 | 15 |
| Outros | | | |
| Titorías individuais | 15 | | 15 |
| Titorías de grupo | | | |
| Actividades de avaliación. Probas | | | |
| Actividades de avaliación. Presentacións / mostras | 30 | 30 | 60 |
| Actividades de avaliación. Revisión | 5 | | 5 |
| TOTAL | 200 h | 160 h | 360 h. |
| PORCENTAXE | 56% | 44% | 100% |

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

| Actividades | Descrición |
|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Presentacións e exposicións de materiais documentais. | Aplicación dos materiais documentais aproveitables para a escenificación e interpretación do proxecto. |
| Debates ao redor das posibles lecturas. | Exposición, confrontación e arbitraje respecto ás lecturas de todo o equipo técnico-artístico no traballo de mesa. |
| Asistencia aos ensaios. | Análise e anotacións respecto ao desenvolvemento dos ensaios. |
| Reunións co director/a. | Valoracións críticas fundamentadas respecto ao desenvolvemento dos ensaios e á realización escénica. Acordos e solucións a aplicar. |
| Adaptacións e reescritas. | Adaptar a dramaturxia previa ás necesidades derivadas do proceso de ensaios. |
| Elaborar e/ou xestionar materiais para a recepción. | Garantir unha relación óptima do espectáculo coa recepción mediante materiais diversos axeitados (programas de man, guías didácticas, materiais divulgativos, etc.) |
| Elaborar documentos de avaliación e crítica. | Desenvolver conclusións críticas aproveitables respecto ao resultado final acadado. |
| Elaborar e/ou xestionar a documentación e memoria do proceso. | Recoller todos os documentos relacionados co desenvolvemento do proceso de escenificación, así como do espectáculo final. |

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

| | |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------|
| Seguimento | Seguimento da diversidade e da especificidade de cada proxecto. |
| Orientación | Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan. |
| Coordinación grupal | Encontros dos equipos artísticos cos docentes para coordinar o traballo grupal. |

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|-------------|
| Caderno do seguimento dos ensaios e coordinación coa equipa. Intervencións dramaturxicas. Avaliación crítica. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. ED1. ED2. ED3. ED5. | 30% |

| | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Memoria da documentación, fontes e referentes . Programa de man e outros materiais. Documentación do proceso poético-productivo e estético-receptivo. | T1. T8. T11. T13. T15. X3. X6. X7. ED2. ED4. ED5. | 10% |
| Entrega da versión final da dramaturxia. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED4. ED5. | 60% |

8.2. Avaliación extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Caderno do seguimento dos ensaios e coordinación coa equipa. Intervencións dramáticas. Avaliación crítica. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. ED1. ED2. ED3. ED5. | 30% |
| Memoria da documentación, fontes e referentes . Programa de man e outros materiais. Documentación do proceso poético-productivo e estético-receptivo. | T1. T8. T11. T13. T15. X3. X6. X7. ED2. ED4. ED5. | 10% |
| Entrega da versión final da dramaturxia. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED4. ED5. | 60% |

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Caderno do seguimento dos ensaios e coordinación coa equipa. Intervencións dramáticas. Avaliación crítica. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. ED1. ED2. ED3. ED5. | 30% |
| Memoria da documentación, fontes e referentes . Programa de man e outros materiais. Documentación do proceso poético-productivo e estético-receptivo. | T1. T8. T11. T13. T15. X3. X6. X7. ED2. ED4. ED5. | 10% |
| Entrega da versión final da dramaturxia. | T1. T3. T8. T11. T13. T15. X2. X3. X4. X5. X6. X7. ED1. ED2. ED3. ED4. ED5. | 60% |

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas:

BENHAMOU, Anne-Françoise (2012): *Dramaturgies de plateau*, Besançon, Les Solitaires Intempestifs.

CARDULLO, Bert (2003): *Leccións de dramaturxia*. Vigo. Galaxia.

DANAN, Joseph (2012): *O que é a dramaturgia*, Évora, Licorne.

Referencias complementarias:

Específica en función de cada proxecto.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A bibliografía e a planificación docente variarán en función dos proxectos presentados polo/a alumno/a. En función dos criterios que acorde a Comisión de Coordinación Pedagóxica, algúns membros do alumnado desta materia poderán cursala coordinando o seu traballo co de outros alumnos do resto de especialidades da escola. Se o alumnado seleccionado non entrega os traballos solicitados nos prazos acordados ou ben estes non son satisfactorios, os docentes poderán excluír ao alumnado da integración interdisciplinar.

O alumnado que perda a avaliación continua ou renuncie a ela deberá poñerse en contacto por correo electrónico coa/s docente/s da materia para coñecer as premisas técnicas e artísticas do proxecto que deberá presentar a exame. De incumpriren este requisito, non poderán ser avaliados.

Para máis información respecto ao calendario do curso, datas de exames ou horarios de clase:

<https://esadgalicia.com/curso-escolar/>

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establecerá unha planificación extraordinaria que se ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz, ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial. Polo tanto, as ferramentas e actividades de avaliación descritas no apartado 8 seguirán manténdose, así como a supervisión docente desas actividades mediante os mecanismos de comunicación a distancia oportunos.

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas

AS ANTERIORES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).